

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS AO PROCESO PARA A PROVISIÓN POR CONCURSO, ENTRE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, DE TRES POSTOS VACANTES DE ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL DO CONCELLO DE FENE.
Expediente:2022/G003/001293.

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 23.06.2022 foron aprobadas as bases reguladoras para a provisión por concurso, entre persoal funcionario de carreira, de tres postos de administrativo/a de Administración Xeral vacantes na RPT do Concello de Fene.

Por Resolución da Alcaldía núm. 890/2022, do 27.06.2022, aprobouse a convocatoria do proceso, anunciada no BOP da Coruña núm. 124 de data 01.07.2022, no DOG núm. 150 do 08.08.2022 e no BOE núm. 200 do 20.08.2022. Este último anuncio supuxo o inicio e finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso, que se estendeu do 22.08.2022 ao 09.09.2022.

Rematado o prazo de presentación de instancias, consonte ao disposto na base 6.1 das reguladoras do proceso de provisión e de conformidade coa normativa vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista provisional de persoas admitidas e excluídas que se relaciona de seguido:

ASPIRANTES ADMITIDOS/AS:

NÚM.	APELIDOS E NOME	DNI NÚM.
1.	García Monteagudo, Paula	***7058**
2.	Pérez López, Ana	***7512**

ASPIRANTES EXCLUÍDOS/AS: ningún.

SEGUNDO.- Outorgar ás persoas aspirantes un prazo de dez (10) días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación desta resolución no BOP, para emendar os defectos que motivaran a súa omisión da lista de persoas admitidas.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no BOP da Coruña, no taboleiro de anuncios e na páxina web municipais.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Sra. Alcaldesa en funcións Alejandra Permuy Meizoso, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.